

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 17 DE XUÑO DO 2013.

=====

No Concello de Cangas, cando son as trece horas e cincuenta minutos do día dezasete de xuño do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas e D^a M^a Lucía Lede Fernández, SUPLENTES: D. Jesús Manuel Graña Graña, D. Francisco Javier Soliño Soliño, D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asisten á sesión os/as concelleiros/as, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos e D. José Luis Gestido Porto.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 3 E 10 DE XUÑO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 3 e 10 de xuño do 2013.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 13 DE XUÑO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

2.A) APROBA-LOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgalas seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpia-las rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguente risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 18.955.- LICENZA MUNICIPAL Nº 18.657.- A Manuel Dopico Lamas e María del Carmen Martínez Fontán, con enderezo na Avda. da Coruña, nº 95-Darbo, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras se axustarán igualmente ó proxecto de estado definitivo visado o 12 de marzo do 2013 do que resultan ampliación de semisoto en 108,05 m²., e no primeiro andar 2,11 m²., e pequenas modificacións na distribución interior.

EXPEDIENTE Nº 21.884.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.153.- A Miguel Estévez Fernández, con enderezo en Seixo, nº 4-Darbo, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co estipulado no art. 197.2 da Lei. 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 21.888.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.127.- A "FRANCISCO POUSADA PIÑEIRO, S.L.", con enderezo en Rúa Seixo, nº 4-Darbo, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, para a vivenda da parcela 5, de conformidade co estipulado no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 21.889.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.128.- A "FRANCISCO POUSADA PIÑEIRO, S.L.", con enderezo en Rúa Seixo, nº 4-Darbo, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, para a vivenda da parcela 6, de conformidade co estipulado no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 21.891.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.217.- A "FRANCISCO POUSADA PIÑEIRO, S.L.", con enderezo en Rúa Seixo, nº 4-Darbo, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, para a vivenda da parcela 8, de conformidade co estipulado no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.509.- A Teresa Rivas Piñeiro, con enderezo en Piñeiro, nº 8-Aldán, para en Igrexario-O Hío, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 71,05 m²., de conformidade co proxecto básico de febreiro do 2013, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de

execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 11 de abril do 2013.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de TRESCENTOS (300,00) euros.

2.A.2) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 15/13.- En relación coa solicitude de autorización autonómica para instalacións para actividade de carácter recreativo en Donón-O Hío, promovido por Juan Enrique Padín Costas, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Informar favorablemente o expediente de autorización autonómica presentado por JUAN ENRIQUE PADÍN COSTAS, no senso de tramitar en solo rústico de protección de espazos naturais, autorización autonómica para a construción dunhas instalacións para actividades de carácter recreativo no lugar de Donón-O Hío, de conformidade co proxecto de marzo do 2013, o uso é autorizable pola Comunidade Autónoma en virtude do disposto nos artigos 33, 36 e 39 e a DT 1 f) da LOUGA.

SEGUNDO.- Remitir o expediente completo tramitado á consellería competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo (secretario ou secretaria xeral competente en materia de urbanismo), para que examine a adecuación da solicitude citada anteriormente á Lei 9/2002, do 30 de decembro, e cos instrumentos de ordenación do territorio, e para que resolva no prazo de tres meses, unha vez sometido o expediente ó trámite de información pública contido no artigo 41 da LOUGA.

TERCEIRO.- Solicitar o preceptivo informe do POL e da consellería competente en materia de conservación de espazos naturais sobre o cumprimento da lexislación sectorial autonómica, estatal e da UE que resulten aplicables.

CUARTO.- Notificar este acordo ós interesados no expediente, entre os que figuran os titulares das alegacións presentadas que así o solicitan expresamente.

EXPEDIENTE S/N.- A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, con enderezo en Rúa Fernández Ladreda, nº 43-1º-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Xacobe González Alvarez, Ref. Expte. A-P0-2013/109Q, para instalación de quiosco de tempada en Francón-Aldán:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

- *Clasificación urbanística do solo: solo rústico.*

- *Cualificación urbanística do solo: solo non urbanizable de protección de Costas e solo non urbanizable de protección de espazos naturais.*

- *Os usos permitidos son os regulados pola lexislación sectorial de Costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre".*

2.A.3) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 24.609.- A Franciso Andrés Rodríguez Gutiérrez, con enderezo en Erbello-Aldán, para no referido lugar, construír unha edificación adxetiva de 20,00 m2., foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

2.A.4) LICENZAS PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.404.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR FRANCISCO JOSE FERNÁNDEZ MARINO.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo arquitecto municipal, con data 29 de maio do 2013, acordou deixar sobre a mesa pendente de mellor estudo, a solicitude presentada por Francisco José Fernández Mariño, con enderezo en Barrio das Flores, nº 15-Darbo, de licenza de primeira ocupación para vivenda, sita na Torre, nº 1-Darbo, construída ó abeiro da licenza municipal nº 22.548.

2.A.5) DENEGACIÓN DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.515.- O tramitado a instancia de José Salvador Amorín Vázquez, con enderezo en Rúa Ruiseñor, nº 13-5ºE-Vigo, para construción de cerramento en Nerga-O Hío, denégase por non cumprir coas determinacións establecidas ó respecto na ordenanza de solo non urbanizable de protección de espazos naturais.

EXPEDIENTE Nº 24.591.- O tramitado a instancia de Juan Enrique Antón Rey, con enderezo na Devesa, nº 29-Arcade, para construción de cerramento en Vilanova-O Hío, denégase porque o cerramento proposto é incompatible co establecido na ordenanza de aplicación solo non urbanizable de protección de espazos naturais.

2.A.6) ARQUIVO DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.527.- O tramitado a instancia de "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para instalación de rede de baixa tensión en Liméns-O Hío, acórdase arquivalo de conformidade co escrito de data 23 de maio da empresa desistindo da solicitude.

EXPEDIENTE Nº 24.274.- O tramitado a instancia de "R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.", con enderezo en Rúa Real, nº 85-A Coruña, para canalización en Rúa Noria-Cangas, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ó transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 7 de setembro do 2012.

EXPEDIENTE Nº 24.322.- O tramitado a instancia de Avelina Fernández Otero, con enderezo no Igrexario, nº 36-O Hío, para cambio de tella no referido lugar, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ó transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación de data 20 de setembro do 2012.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

EXPEDIENTE Nº 24.431.- A "R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.", con enderezo en Rúa Real, nº 85-A Coruña, para en Rúa María Soliño, Avda. Moaña, Rúa Paz e Rúa Mestre Carballo, executar unha canalización de 446,00 metros, para rede de telecomunicacións, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

- As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

- Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

- Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

- Debe presentar un aval por importe de DEZAOITO MIL TRESCENTOS DEZ CON TRINTA E SEIS (18.310,36) euros, para responder das obras de reposición da vía pública.

- No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

- Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

EXPEDIENTE Nº 23.933.- A Manuel Gil Fandiño, con enderezo en Rúa Cega, nº 27-Cangas, para na Avda. Eurenio Sequeiros, nº 7-Cangas, executar obras de reparación da cuberta en 107,52 m²., e limpeza de fachadas en 183,90 m²., de conformidade coa documentación presentada.

Malia isto deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispón:

"En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocos das fiestras, baicóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que harmonicen coa carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para alonxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradoiros só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materiais moi lixeiros que, non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración harmonizará co do entramado da galería ou miradoiro, debendo evitarse a gama de cores primarios."

EXPEDIENTE Nº 24.402.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.397.- A Bengino Rodríguez González, con enderezo en Viñó, nº 31-A-O Hío, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras de construción de cerramento axustaranse igualmente o proxecto modificado de data 5 de maio do 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.558.- A María del Pilar Guimeráns Gallego, con enderezo en Telleiro, nº 18-Coiro, para no referido lugar, substituír o pavimento e alicatado de un baño de 5,42 m2., de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.575.- A "COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO PARTENÓN", con enderezo en Rúa Alexandre Criebeiro, nº 2-Cangas, para no referido lugar, reparar os canalóns dos patios interiores en 21,85 metros, de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da" Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se lle aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

EXPEDIENTE Nº 24.579.- A Manuel Costas Bermúdez, con enderezo na Avda. de Marín, nº 9-1º-Cangas, para en Devesa, nº 1-Coiro, substituír 25,00 metros de ripios da cuberta, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.583.- A Rafael Núñez Piñeiro, con enderezo en Rúa Alcalde Pancho Eiroa, nº 5-portal 5ºC-Cangas, para en Rúa Concepción Arenal, nº 4-Cangas, pintar as fachadas da vivenda en 240,00 m2., de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.592.- A María Teresa Soage Costas, con enderezo na Avda. Félix Ozámiz, nº 66-Cangas, para no referido lugar pintar as fachadas nunha superficie de 150,00 m2., de conformidade coa documentación presentada.

2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE Nº 1.628.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR LAURA RIOBÓ CASAL.

A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade de estableemento sito en Rúa Sol, nº 19-Cangas, dedicado a comercio para venda polo miúdo

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

de roupa, que ata a data rexentaba María del Consuelo Santiago Gómez, e que a partir desta data pasa a Laura Riobó Casal, con enderezo Reboredo, nº 10-Coiro.

EXPEDIENTE DE ACTIVIDADE CLASIFICADA Nº 1.634.

Á vista do expediente de apertura de establecemento para supermercado, promovido por "DISTRIBUCIONES FROIZ, S.A.", con enderezo en Lourido, nº 15-Poio, a instalar na Avda. de Marín, nº 26-Cangas, e tendo en conta o informe favorable emitido ó respecto polo técnico municipal, de data 25 de abril do 2013, a Xunta de Goberno Local acordou informar favorablemente o expediente e dar traslado deste á Comisión Provincial de Medio Ambiente, de conformidade co disposto no art. 9 do decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación de incidencia ambiental.

EXPEDIENTE Nº 1.662.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO PETICIONADA POR MARTA FERREIRO RIVEIRO.

A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade de establecemento sito na Avda. de Marín, nº 3-baixo-Cangas, dedicado a café-bar, que ata a data rexentaba José Carlos Soliño Pousada, e que a partir desta data pasa a Marta Ferreira Riveiro, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 3-2ºA-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.663.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO PETICIONADA POR "TACER C.B."

A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade de establecemento sito en Rúa Baiona, nº 13-Cangas, dedicado a cafetería, que ata a data rexentaba Juan Manuel Otero Crujeiras, e que a partir desta data pasa a "TACER, C.B.", con enderezo no referido lugar.

EXPEDIENTE Nº 1.661.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECIMENTO PETICIONADA POR "COUSIÑAS, S.L."

A Xunta de Goberno Local acordou deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo, o cambio de titularidade de establecemento sito en Rúa Noria, nº 4-baixo-Cangas, dedicado a comercio de venda polo miúdo de roupa, que rexenta "DOCAGRO, C.B.", para pasar a "Cousiñas, S.L.", con enderezo en Rúa Sevilla, nº 22-3º dereita-Cambados. Advírtese ó solicitante que sobre o edificio onde se sitúaa o local existe o procedemento contencioso- administrativo nº 4476/91 do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

3º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA.

PROPOSTA PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

RESOLUCIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 14/05/2012 RECAÍDA EN EXPEDIENTE SANCIONADOR 1/2010 POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA

Examinado o recurso potestativo de reposición interposto por MANUEL ALVAREZ CHAPELA contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de maio de 2012 do expediente de restauración da legalidade urbanística 1/2010 polo que IMPÓN A Vista la Caina y Servicangas S.L unha multa sancionadora de 3.000, resultan os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. En data 2 de xaneiro de 2012 acordouse pola Xunta de Goberno Local iniciar expediente sancionador a Vista la Caina y Servicangas S.L pola realización dun muro de contención arrimado a lindeiro sen licencia para elo, no lugar de San Roque- Darbo tipificándose dita infracción como leve en base ó informe emitido polo arquitecto municipal en data 2 de decembro de 2011.

Este acordo notificouse ó denunciante en data 25 de xaneiro de 2013

SEGUNDO. En data 14 de maio de 2013 a Xunta de Goberno Local acorda impoñer a Vista la Caina y Servicangas S.L unha sanción de 3.000_ pola realización das obras descritas no antecedente primeiro sen licencia

TERCEIRO. En data 25 de setembro de 2012, rexistro de entrada 11.684 o denunciante MANUEL ALVAREZ CHAPELA presenta novo escrito solitando a remisión da resolución adoptada en data 14 de maio de 2013 pola Xunta de Goberno Local o que pon de manifestó o coñecemento do seu contido. Dito acordo notificouse ó denunciante en data 19.10.2012

CUARTO.- O 25 de outubro de 2012 MANUEL ALVAREZ CHAPELA presenta recurso de reposición fronte o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de maio de 2012, CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

PRIMEIRA.- No recurso interposto por MANUEL ALVAREZ CHAPELA apreciase a concurrencia dos requisitos determinantes da súa admisión a trámite, na súa condición de interesado como a personalidade suficiente e a lexitimación activa na causa, así como a súa interposición en tempo e forma.

SEGUNDA.- A competencia para a resolución do recurso de reposición presentado de conformidade co establecido no artigo 116 da lei 30/1992 corresponde a Xunta de Goberno Local " Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recurridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que o ditase... "

TERCEIRA.- As alegacións do recorrente se sintetizan nos seguintes aspectos

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

-Reproducen as alegación terceira e o suplico do recurso de reposición formulado o 14 de novembro de 2011 fronte a Resolución de Alcaldía de data 31 de outubro de 2011 pola cal se imponía a Vista la Caina Servicangas S.L unha multa coercitiva de mil euros

Estas alegacións formuláronse na sede dun expediente de restauración da legalidade urbanística, diferente e independente do expediente sancionador que agora se recorre. En dito recurso se solicitaba a resolución do correspondente expediente sancionador de conformidade coa legalidade vixente, procedemento resolto en tempo e forma e que agora novamente o denunciante recorre, polo que as mesmas deben ser desestimadas

Indica que a tipificación da infracción debe ser tipificada como grave e consecuentemente a sanción debe ser mais elevada.

Consta no expediente informe do arquitecto municipal de data 2 de decembro de 2011 no que tipifica a infracción como leve, feito que corrobora mediante informe de data 12 de xuño de 2012

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística propoño á xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto MANUEL ALVAREZ CHAPELA contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de maio de 2012 do expediente de restauración da legalidade urbanística 1/2010 polo que IMPÓN A Vista la Caina y Servicangas S.L unha multa sancionadora de 3.000 polos razonamentos expostos no corpo deste escrito, confirmando a mesma en tódolos seu términos

SEGUNDO.- Notificar este acordo ós interesados

Cangas, 12 de xuño do 2013

EXPEDIENTE N° 23/2012

PROPOSTA DE RESOLUCION

Resultando que no lugar de Santa Marta-Darbo, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: Realizar un cerramento con portal cara outra propiedade, así como unha rampa e un muro de contención de aproximadamente 2 m de alto arrimado a lindeiro.

Resultando que, con data 29 de abril de 2013 a inspección municipal de obras informa que foi reposta a legalidade urbanística coa licenza nº 23401 concedida pola Xunta de Goberno Local con data 25 de marzo do 2013.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Emilio Migueles Rodríguez, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mcsma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que ós feitos descritos lies pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.- euros. de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instructor e secretario do expediente a D. Rafael Solifio Costas e á secretaria do concello Da Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lies concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade. advertíndolle que de efectuar por se mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega- los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento. SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DIAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o Acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente.

Así o dispoño en Cangas, o vinte e tres de maio do dous mil trece

O ALCALDE,

Asdo.: José E. Sotelo Villar

EXPEDIENTE N° 24/2011

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Rabans-0 Hio consistentes en: realizar un desmorte e recheo con muros de contención de manostería de máis de 4 metros de alto nunha finca de aproximadamente 3000 m² e un muro de contención de máis de 2,5 metros a menos de 4 metros do eixo do camiño.

Con data 18 de abril do 2013 o técnico municipal informa que as obras descritas no informe de inspección se consideran non legalizables por ser incompatibles coas

determinacións urbanísticas establecidas ó respecto ñas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas, SNU-EN.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Juan Rafael Pérez Abilleira, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 217.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lies pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.l.b) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle esta nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instructor e secretario do expediente a Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello Da Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1 .k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lies concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por se mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o Acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñe-lo que estime máis conveniente.

Así o dispoño en Cangas, o vinte e tres de maio do dous mil trece

OALCALDE,

Asdo.: José Enrique Sotelo Villar

EXPEDIENTE N° 11/2010

PROPOSTA DE RESOLUCION

Resultando que no lugar de Herbello-Aldan, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un cerramento con bloques de formigón de 1,70 m de alto, se retranquear 4 m do eixo do camiño.

Resultando que requerindose por esta Administración Municipal ó promotor para que solicitase a oportuna licenza, esta non foi presentada

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Eva Pintos González, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lies pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.-euros. de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instructor e secretario do expediente a D. Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello Da Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO.- Indicar ós interesados o dereito que lies concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñece-la súa responsabilidade. advertíndolle que de efectuar por se mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

QUINTO.- Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achega-los documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DIAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, eos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO.- Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o Acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente.

Así o dispoño en Cangas, o trinta d(maio do dous mil trece.

C ALCALDE,

Asdo.: José Enrique Sotelo Villar

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

4º.- PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA ESTABLECER UNHA REDE DE ENTIDADES LOCAIS EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO E REALIZAR OUTRAS ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

Dase conta de escrito remitido pola Xunta de Galicia, referente a protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para establecer unha rede de entidades locais en contra da violencia de xénero e realizar outras accións de sensibilización social en contra da violencia de xénero.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o modelo de protocolo de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para establecer unha rede de entidades locais en contra da violencia de xénero e realizar outras accións de sensibilización social en contra da violencia de xénero.

SEGUNDO.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente para a sinatura do referido protocolo.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia, así como, ó Centro Municipal de Benestar Social.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

5º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O PROGRAMA DO SERVIZO DE VOLUNTARIADO XUVENIL-2013.

PROPOSTA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O PROGRAMA DO SERVIZO DE VOLUNTARIADO XUVENIL 2013.

Examinada a Orde da Consellería de Traballo e Benestar de data do 15 de maio de 2013 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria e a entidades locais enmarcadas no programa Servizo do Voluntariado Xuvenil e se procede a súa convocatoria para o ano 2013.

Aprobadas as bases para creación do Banco de Libros Municipal, pola Xunta de Goberno Local de data do 29/04/2013.

Visto o proxecto redactado pola técnica da Oficina Municipal de Voluntariado de Cangas, Ma del Mar Núñez Villar, denominado, Creación e posta en marcha dun banco de libros de texto.

Reunindo todos os requisitos que se especifican na Orde de convocatoria, propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar ó amparo da Orde citada, unha axuda económica polo importe de 2.960,00 euros para desenvolver o proxecto denominado Creación e posta en marcha dun banco de libros de texto.

Segundo.- Declarar que para a realización do proxecto que se solicita, non se solicitou nin lie foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Terceiro.- Facultar ó Sr. alcalde-presidente, D. José Enrique Sotelo Villar, con DNI 35285485 N a asinar a solicitude e demais documentos de subvención.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

6º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO S/CORRECCIÓN DE ERROS NO PUNTO 6º DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 22.4.13 REFERENTE A PRÓRROGA PARA O ANO 2013 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO PARA A CORRECCIÓN DE ERROS NO PUNTO 6º DA ORDE DO DÍA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 22/04/2013 RELATIVO Á PRÓRROGA PARA O ANO 2013 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2013 como punto 6o adoptouse o acordo relativo á prórroga para o ano 2013 das licenzas municipais de venda ambulante.

Sendo detectados erros nos listados que se incluían na citado acordo e visto que segundo o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "as administracións públicas poderán, asemade, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

En aplicación do artigo sinalado, unha vez evidenciado o erro procede a súa corrección.

Propoñendo, en atención aos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas, a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Corrixir o apartado primeiro da parte dispositiva do acordo citado de tal xeito que onde di:"María Aurora Francisco Blanco" debe dicir "María Aurora Franco Blanco", onde di: "José Antonio Pastoriza Miranda" debe dicir "José Antonio Pastoriza Rodríguez", onde di: "Ana Gil Marcos" debe dicir: "Ana Marcos Gil" , onde di "Maia María Camacho Monteiro" debe dicir "María Amelia Camacho Monteiro Maia".

SEGUNDO: Corrixir a duplicidade existente no acordo eliminando do apartado primeiro da parte dispositiva do acordo o nome de Rosa Pena Sotelo que aparece tamén no listado do apartado segundo que é o correcto.

TERCEIRO: Corrixir os apartados primeiro, segundo e terceiro da parte dispositiva do acordo eliminando a José Manuel Carballada Neira do apartado segundo e a María de los

Ángeles Rodríguez Iglesias do apartado terceiro e integrándoos como renovacións outorgadas no apartado primeiro.

CUARTO: Eliminar o último nome do listado do apartado segundo da parte dispositiva do acordo: Jiménez Romero Manuel Andrés.

QUINTO: Dar traslado da modificación do acordo a Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, e Tesourería aos efectos oportunos.

Cangas, 12 de abril de 2013
A Concelleira de Emprego,
Asdo.: BertaPerez Hernández

7º.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO S/PRÓRROGA PARA O ANO 2013 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A PRÓRROGA PARA O ANO 2013 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

I. -O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 205 do 25 de outubro de 2011) no seu capítulo IV prevé que as autorizacións outórganse por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2012, os titulares foron requiridos a fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2013 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo a tal efecto.

II. - O Órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal segundo o artigo 18.2 do Regulamento que dispoñe que se concederán "previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos"

III. - Comprobada a documentación presentada por José Antonio Espiña Matanzas dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, por cumprir eos requisitos esixidos procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2013 das licenzas municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

Á vista do anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Renovar a licenza municipal de venda ambulante para o ano natural 2013 ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 25/10/2011) a JOSÉ ANTONIO ESPIÑA MATANZAS.

ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao interesado xunto aos recursos procedentes así como aos departamentos municipais de Tesourería e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo.

Cangas, 12 de xuño de 2013

A Concelleira de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

8º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.

8.A) SOLICITUDE DE FRANCISCO MALAXECHEVARRÍA NORES S/CAMBIO DE SINAL E DE TITULARIDADE DE PASAXE PERMANENTE.

Visto o escrito presentado en data 5.6.13 por FRANCISCO MALAXECHEVARRÍA NORES, con enderezo en rúa Félix Ozámiz, nº 14-6ºA-Coiro, en representación da empresa "GRUPO MEDIAPIPA, S.L.", con CIF nº B-94.075.587, no que demandan o cambio de titularidade de sinal de pasaxe permanente nº 211 que figura a nome de Mª del Carmen Soliño, así como o cambio do referido sinal por deterioro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, así como o cambio de titularidade do sinal nº 211 de pasaxe permanente coas condicións indicadas, ó seguinte solicitante:

NOME E DNI DO NOVO TITULAR	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
FRANCISCO MALAXECHEVARRÍA NORES DNI nº 36.101.475-P GRUPO MEDIAPIPA, S.L. CIF nº B-94.075.587	Rúa Félix Ozámiz, nº 14-6ºA-Coiro	Praia de Menduíña, nº 72-Aldán. Autorízase a renovación do pasaxe permanente nº 211, que figura a nome de Mª del Carmen Soliño, con DNI 35.275.743-J. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido

		número e á concesión dun número novo.
--	--	---------------------------------------

8.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/INSTALACIÓN DE ESPELLO DE SEGURIDADE VIAL.

Dase conta de escrito presentado en data 4.6.13 por MANUEL FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, con enderezo nas Xegadas, nº 13-Darbo, no que reclama a instalación de un espello de seguridade vial para a saída da rúa Lisboa hacia a Avda. de Vigo.

Visto, así mesmo, o informe emitido en data 12.6.13 pola Policía Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar o pedimento do Sr. Fernández Martínez, para a instalación de espello de seguridade vial no lugar de rúa Lisboa hacia a Avda. de Vigo.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ó interesado e ós departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

9º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á SENTENZA N.º 819/2006 DE 21.09.2003 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 4350/2003 (X-03/10)

Vista a Sentenza n.º 819/2006 ditada pola Sala do Contencioso Administrativo Sección 002 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no Procedemento Ordinario 4350/2003 instruído a instancia da mercantil SERAGUA FCC UTE (agora UTE AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A. E FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A.) pola que se condena a este Concello a abonarlle á reclamante a cantidade de 696.452,07 _ en prazos lineáis mensuais durante un período de 10 anos.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Recoñecer a obriga por importe de 69.645,21 _ en concepto de principal correspondente ao exercicio 2013 a favor de AQUALIA GESTIÓN INTEGRAL DEL AGUA S.A. E FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. UTE co CIF n.º: U36768927.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico.

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS.

A.1) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DE CANGAS:

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, tódalas concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M^a DEL PILAR RÍOS DEL RÍO (BAR "OS TONELES"), DNI nº 35.276.189-P, con enderezo en rúa Pablo Iglesias, nº 12-Cangas, para a ocupación de vía pública no referido lugar con mesas e cadeiras, nunha superficie de 24,00 m²., no referido lugar.

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR SANDRA PATRICIA ROA PRIETO (CAFÉ-BAR "BULE BULE"), con DNI nº 53.860.470-J, con enderezo en rúa Reboredo, nº 30-Cangas, para a ocupación de 16,00 m². con mesas e cadeiras no referido lugar, durante toda a tempada do ano 2012.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSEFA MALVIDO CAMAÑO (BAR "ALAMEDA"), con DNI nº 35.293.196-H, con enderezo en rúa Praza do Arco, nº 1-Cangas, para a ocupación de 36,00 m². con mesas e cadeiras no referido lugar.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR MONTSERRAT GARCÍA BARREIRO (CAFETERÍA "CANGAS"), con DNI nº 53.110.701-K, con enderezo na Avda. de Lugo, nº 19-2^oA-Coiro, para a ocupación de 24 ,00 m²., no referido lugar.

- 5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR PILAR BROULLÓN MIRANDA (BAR "LA VERGA"), con DNI nº 78.732.013-T, con enderezo na Avda. de Vigo, nº 73-3ºA-Cangas, para a ocupación de 50,00 m2., na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 17-Cangas.
- 7.- SOLICITUDE PRESENTADA POR MARTÍN OUTEIRAL BASTÓN ("MARTINNUS" TAPERÍA), con DNI nº 36.163.577-X, con enderezo en rúa Eduardo Vicenti, nº 6-baixo-Cangas, para a ocupación de 20,00 m2., con mesas e cadeiras no referido lugar, condicionándose a instalación a unha soa fila de mesas á beira da fachada, para deixar paso suficiente para o paso de peóns pola beirarrúa, por non ter ésta 4,50 m. de anchura.
- 8.- SOLICITUDE PRESENTADA POR CARLOS BROULLÓN NÚÑEZ (BAR "MACILLOS"), en representación de "MACILLOS, C.B.", con CIF nº E-94.041.985, con enderezo en rúa Saralegui, nº 24-Cangas, para a ocupación de 12,00 m2. ó lado da fachada do local sito no referido lugar, desde o 15 de xuño ata o 15 de setembro do 2013.
- 9.- SOLICITUDE PRESENTADA POR PATRICIA SANTIAGO SOTELO, (CAFETERÍA "LA PERLA NEGRA"), con DNI nº 53.116.471-H, con enderezo na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 33-baixo-Cangas, para a ocupación de 56,00 m2., enfronte do local sito no referido lugar. Non se autoriza a instalación á beira da entrada do local.
- 10.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JESÚS OTERO FERNÁNDEZ, (CAFETERÍA-BOCATERÍA "EL ESCORADO"), con DNI nº 53.116.064-W, con enderezo en Rúa dos Pinos, nº 7-5º-Coiro, para a ocupación de 8,00 m2., diante do local sito na Avda. Félix Ozámiz, nº 15-Coiro, e 24,00 m., no Paseo Marítimo de Rodeira (enfronte do antigo INEM). ??? Costas???
- 11.- SOLICITUDE PRESENTADA POR ROBERTO PÉREZ ESTÉVEZ (RESTAURANTE "O BRUÑO"), con NIF nº 52.492.528-L, con enderezo en Travesía de Celso Emilio Ferreiro, nº 10-Coiro, para a ocupación de 12,00 m2., no referido lugar.
- 12.- SOLICITUDE PRESENTADA POR GEMMA PORTELA CALVAR, (CAFETERÍA "BOCADOS") en representación de "GEMA PORTELA, S.L.", con NIF nº B-94.031.069, con enderezo na Xunqueira, nº 5-3º-Moaña, para a ocupación de 48,00 m2., enfronte e 16,00 m2., á beira da fachada do seu local sito na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 4-Cangas.
- 13.- SOLICITUDE PRESENTADA POR FARIDA ABDESLAM (CAFETERÍA "LA VIE EN ROSE"), con DNI nº X-5.248.591-Z, con enderezo en rúa Enseñanza, nº 60-4º-Darbo, para a ocupación de 50,32 m2., na Avenida Eugenio Sequeiros.
- 14.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSE ANTONIO RUÍZ COSTAS, (CAFÉ-ZUMERÍA "ARGOLIDE"), con DNI nº 78.736.204-M, con enderezo na Avda. Félix Ozámiz, nº 41-Coiro, para a ocupación de 16,00 m2., diante do local sito no referido lugar.
- 15.- SOLICITUDE DE JOAQUÍN FRÍAS VILLAESCUSA (BAR "O CAIXÓN DE QUINI"), con DNI nº 4.544.852-Y, con enderezo en Praza do Eirado do Costal, nº 15-baixo-Cangas, para a ocupación de 13,65 m2., con mesas e cadeiras a instalar no referido lugar.
- 16.- SOLICITUDE PRESENTADA POR PURIFICACIÓN MARTÍNEZ FERNÁNDEZ (HAMBURGUESERÍA "OBELIX BURGER"), con DNI nº 35.293.680-L, con enderezo en San

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

Roque, nº 16-Darbo, para a ocupación de 16,00 m²., diante do local sito en rúa Redondela.

17.- SOLICITUDE PRESENTADA POR ROSA MARÍA COSTAS COSTAS (BAR "AS TRES PORTIÑAS"), con DNI nº 73.241.895-M, con enderezo en rúa Valentín Losada, nº 16-baixo-Cangas, para a ocupación de 12,00 m². con mesas e cadeiras en rúa Lúa.

18.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSÉ RAMÓN OTERO OTERO (BAR ALONDRAS), con DNI nº 78.739.602-E, en representación da entidade "BAR ALONDRAS, C.B.", con CIF nº E-36.436.723, con enderezo na Avda. Montero Ríos, nº 8-Cangas, para a ocupación de 20,00 m²., na beirarrúa da Avda. Montero Ríos, nº 8.

19.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JORGE FRANCO PARADA (CAFETERÍA "LÚPULO"), con DNI nº 73.241.895-M, con enderezo en rúa Manuel Graña, nº 7-2º-Cangas, para a ocupación de 12,00 m². con mesas e cadeiras en rúa Santabaia.

As autorizacións suxeitaranse ás seguintes:

CONDICIÓNS

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspecciona-lo ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2013, agás o indicado no acordo.

H) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.

I) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para o ano 2013.

J) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

K) Non no previsto no acto de autorización, rexerá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

L) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

A.2) SOLICITUDES DE INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS CON DEFICIENCIAS A SUBSANAR.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder, ós solicitantes que se relacionan de seguido, un prazo improrrogable de DEZ DÍAS hábiles, a partir do día seguinte á notificación do presente acordo, para que presenten a documentación pertinente e que se indica a continuación. Se transcorrido o prazo de dez días non subsanan ditas deficiencias, entenderase desistido previa resolución expresa da súa solicitude conforme co artigo 71 da Lei 30/1992.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSÉ JORGE FREIRE PÉREZ (CAFETERÍA OASIS), con DNI nº 78.739.500-N, con enderezo na Avda. de Marín, nº 7-baixo-Cangas, en representación da entidade "FREIRE HOTEL, C.B.", con CIF nº E-36.379.550, para a ocupación de 12,00 m2. diante do local sito no referido lugar, durante o período de verán e ata o 28 de febreiro do ano 2014. ****falta documento do ORAL****

2.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JESÚS CHAPELA GONZÁLEZ, con DNI nº 78.730.282-V, con enderezo en rúa Real, nº 12-baixo-Cangas, en representación de "SUCAR, C.B." (BAR "O BATEL"), con CIF nº E-36.461.317, para a ocupación de 16,00 m2., no referido lugar. Falta aportar documentos do ORAL e de licenza de apertura.

3.- SOLICITUDE PRESENTADA POR GUILLERMO REY GRAÑA, (BAR "LA MARINA") con DNI nº 35.301.137-R, en representación de "HERMANOS REY GRAÑA, C.B.", con CIF nº E-36.341.030, con enderezo en Eirado do Señal, nº 3-baixo-Cangas, para a ocupación de 44,00 m2., no referido lugar. Falta aportar o documento de licenza de apertura.

4.- SOLICITUDE PRESENTADA POR FRANCISCO JAVIER GRAÑ ABOY (BAR RINCÓN), con DNI nº 53.114.603-J, con enderezo en rúa Cega, nº 4-Cangas, para a ocupación de 48,00

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

m2., na Avda. Eugenio Sequeiros-Cangas. Falta a presentación dos documentos de ORAL e de licenza de apertura.

5.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JOSE ALBERTO CASTRO ANTÓN (BAR "BONIN"), con DNI nº 78.737.564-P, con enderezo na Avda. de Eugenio Sequeiros, nº 37-Cangas, para a ocupación de ??? 72,00 m2., diante do local sito en Paseo de Castelao, nº 1-Cangas, condicionado a deixar libre o paso de acceso ó Paseo de Castelao. Falta a presentación de documentación do ORAL, deseño, memoria descritiva e licenza de apertura.

6.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JUAN PÉREZ FERNÁNDEZ (HOTEL "JUCAMAR"), con DNI nº 34.528.190-S, con enderezo na Avda. de Marín, nº 5-Cangas, para a ocupación de 24,00 m2., no referido lugar. Falta a presentación do documento de licenza de apertura.

7.- SOLICITUDE PRESENTADA POR M^a GLADYS MIRANDA UYOQUE, (TAPERÍA "A MEIGA"), con DNI nº 53.117.093-L, en representación de "TAPERÍA A MEIGA", con CIF nº E-36.555.878, con enderezo na Avda. de Bueu, nº 40-5ºD-Cangas, para a ocupación de 40,00 m2., diante do local sito en rúa Félix Ozámiz, nº 14-Coiro. (NON PRESENTA DOCUMENTO REQUIRIDO DO ORAL A NOME DA SOCIEDADE). ***8,00 m2., diante do local no Paseo Marítimo de Rodeira.???? Costas????

8.- SOLICITUDE DE PABLO BEA PAZOS (BAR "LA MEDIEVAL"), con DNI nº 53.119.756-Z, con enderezo en Rúa Real, nº 58-baixo-Cangas, para a ocupación de 32,00 m2., con mesas e cadeiras a instalar no referido lugar na zona verde ó lado dos xulgados. Falta a presentación de documento de licenza de apertura.

9.- SOLICITUDE PRESENTADA POR ADOLFINA MARTÍNEZ FERNÁNDEZ, (BAR "STOP"), con DNI nº 35.278.778-K, con enderezo en Estrada de Viso a Vilanova, nº 69-O Igrexario-O Hío, para a ocupación de 28,00 m2., diante do local sito no referido lugar. Falta a presentación dos documentos de ORAL e de licenza de apertura.

10.- SOLICITUDE PRESENTADA POR PABLO PIÑEIRO SANTOS (BAR "LA TABERNA DE SAN GINÉS"), con DNI nº 78.733.747-D, con enderezo na Avda. Méndez Núñez, nº 27-1ºG-Cangas, para a ocupación de 32,00 m2. con mesas e cadeiras na Avda. Castelao, nº 21-Cangas. Falta a presentación do documento de licenza de apertura.

11.- SOLICITUDE PRESENTADA POR "TACER, C.B.", (BAR CAFÉ "LOMBOK"), con NIF nº E-94.083.250, con enderezo en rúa Baiona, nº 13-Cangas, para a ocupación de 20,00 m2., diante do local sito no referido lugar. Falta a presentación dos documentos de memoria descritiva e de licenza de apertura.

12.- SOLICITUDE PRESENTADA POR RAJIB AHMED, (BAR "JOYDONNER KEBAP"), con DNI nº X-7.823.833-S, con enderezo na Avda. de Marín, nº 7-Cangas, para a ocupación de 12,00 m2., diante do local sito no referido lugar. Falta a presentación dos documentos de ORAL e de licenza de apertura.

A.3) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS EN VÍA PÚBLICA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda denegar as seguintes solicitudes para ocupación de vía pública coa instalación de mesas e cadeiras:

1.-

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as catorce horas e cincuenta minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.

TIPO DE LETRA

*******SACA-LA ACTA OFICIAL*******

NOTIFICACIÓN: no día da data o Sr. alcalde dictou a seguinte:

“RESOLUCIÓN

De conformidade co disposto nos artigos 112 e seguintes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e de acordo coas facultades recollidas no artigo 82 do R.d. 2568/1986, por remisión do artigo 113 do mesmo texto legal,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, e no caso da non existencia de quórum a sesión será unha hora despois en segunda convocatoria, que se realizará **o día 17 de xuño do ano que andamos, ás 13,30 horas**, na casa do concello.

Segundo.- Fixa-la seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 3 E 10 DE XUÑO DO 2013.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 13 DE XUÑO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

3º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

4º.- PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP), PARA ESTABLECER UNHA REDE DE ENTIDADES LOCAIS EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO E REALIZAR OUTRAS ACCIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

5º.- PROPOSTA DO CONCELEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN, PATRIMONIO, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA O PROGRAMA DO SERVIZO DE VOLUNTARIADO XUVENIL-2013.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

6º.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO S/CORRECCIÓN DE ERROS NO PUNTO 6º DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 22.4.13 REFERENTE A PRÓRROGA PARA O ANO 2013 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

7º.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO S/PRÓRROGA PARA O ANO 2013 DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

8º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

9º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.”

RECURSOS PROCEDENTES.- Contra o presente acto que, pon fin á vía administrativa, poderase interpo_er RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICION, perante o mesmo órgano que o dicta no prazo de UN MES, contado a partir do día seguinte a esta notificación, ou

RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o **Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra**, no prazo de DOUS MESES, contados de maneira idéntica, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar calquera outro recurso que estimen procedente.

O recurso contencioso-administrativo non se poderá interpo_er ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición que, no seu caso, se interpuxera.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, éste entenderase desestimado se no prazo de un mes, computado desde o día seguinte a tal interposición, o órgano competente para resolvelo non dictara e notificara resolución expresa.

Contra a desestimación presunta do recurso de reposición poderá interpo_erse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado antes mencionado no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que, de conformidade co anterior, se produza o acto presunto.

O que traslado para o seu coñecemento.

Cangas, 13 de xuño do 2013.

A SECRETARIA XERAL

Asdo.: BERTA ALONSO SOTO.

ÓRGANO MUNICIPAL CONVOCADO:	XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CLASE DE SESIÓN:	ORDINARIA
DATA DA REUNIÓN:	17 DE XUÑO DO 2013
HORA DE COMEZO:	13,30 HORAS
LUGAR: CASA DO CONCELLO	DATA CONVOCATORIA: 13-06-13

DILIXENCIA DO/A NOTIFICADOR/A: para facer constar que procedín a facer entrega ós/ás Sres./as concelleiros/as e membros do concello que a continuación estampan a súa sinatura, dun exemplar da convocatoria e da orde do día para a sesión indicada.

O/A AXENTE NOTIFICADOR/A,

D. JOSE ENRIQUE SOTELO VILLAR

D^a BERTA PÉREZ HERNÁNDEZ

D. BERNARDINO FARO LAGOA

D. RAFAEL SOLIÑO COSTAS

D. PÍO MILLÁN BLANCO

D^a DOLORES GALLEGO SANTOS

D. JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO

D^a M^a LUCÍA LEDE FERNÁNDEZ

SUPLENTES:

D. JESÚS MANUEL GRAÑA GRAÑA

D. FRANCISCO JAVIER SOLIÑO SOLIÑO

D^a M^a LUISA PRIETO RIAL

D^a BERTA ALONSO SOTO (**SECRETARIA XERAL**)

D^a M^a JESÚS PIÑEIRO BELLO (**INTERVENTORA**)

TABOLEIRO MUNICIPAL